

O RENACEMENTO EN ITALIA

Características do Renacemento

1. Poderíase dicir que o Renacemento “humanizou” a arte? Xustifica a túa resposta.
Si, porque aplicou as ideas humanistas ao campo da arte.
2. Cando xurde o Renacemento? E cando se estende?
Xurdiu en Italia no século XV (quattrocento) e se estendeu por Europa no século XVI (cinquecento).
3. Cales son as características do Renacemento?
O seu modelo artístico foi a antigüidade clásica, inspirouse na natureza (proporción e perspectiva lineal), recuperouse o antropocentrismo (escala humana), o artista mellorou a súa consideración social.
4. Cal é o canon ideal das proporcións do Renacemento?
Refírese as proporcións ideais que debería ter un corpo humano representado para ser perfecto, neste caso a medida do corpo debería equivaler a oito veces a medida da cabeza.
5. Que é a perspectiva lineal? En que consiste?
É un método para conseguir a sensación de profundidade. Consiste nunha serie de liñas que converxen nun punto (punto de fuga) situado no límite do campo visual do espectador.

Características e etapas da arquitectura

6. Completa as características da arquitectura renacentista.
Inspiración: **modelos clásicos**
Material: **pedra**
Elementos arquitectónicos: **ordes gregas e romanas, arcos de medio punto e cubertas planas ou abovedadas.**
Edificios máis destacados e formas: **igrexas de cruz latina ou planta centralizada; palacios con pisos horizontais e portas e ventás rematadas con frontóns.**
7. Completa as etapas da arquitectura.

SÉCULO	AUTOR	OBRAS DESTACADAS
XV	Brunelleschi Alberti	Cúpula da Catedral de Florencia, San Lourenzo, Palacio Pitti Santa María Novella; Palacio Rucellai
XVI	Bramante Miguel Anxo	San Pietro in Montorio; San Pedro do Vaticano San Pedro do Vaticano

A escultura e a pintura

8. Características da escultura e da pintura.
Influencia: **clásica**
Interese por: **corpo humano nu, beleza ideal e composicións simétrica e equilibradas**
Temas: **relixiosos, mitolóxicos e retratos.**
9. Completa.

SÉCULO	AUTOR	OBRAS DESTACADAS
<i>XV</i>	<i>Ghiberti Donatello Masaccio Boticelli</i>	<i>Portas do Paraíso David, San Xurxo, Condotiero Gattamelata A Trindade, Pagamento do tributo A Primavera, Nacemento de Venus</i>
<i>XVI</i>	<i>Miguel Anxo Leonardo da Vinci Rafaello</i>	<i>David, A Piedade, Moisés; teito e muro Capilla Sixtina A Sagrada Cea, A virxe das Rochas, A Gioconda Estancias vaticanas; virxes co neno</i>